

NOME _____

GRUPO _____

ESCAVACIÓNS EN ATAPUERCA



En **Atapuerca (Burgos)** hai un excepcional conxunto de xacementos arqueolóxicos paleolíticos con testimonios de, aló menos, catro especies humanas distintas, como o **HOMO ANTECESSOR**, o **homínido europeo máis antigo que se coñece**. Este conxunto foi declarado **Patrimonio da Humanidade pola UNESCO no ano 2000**. Hoxe en día, o conxunto de Atapuerca. constitúe un **referente mundial** para o estudo da evolución humana.

Desde o punto de vista arqueolóxico, na serra de Atapuerca hai dúas grandes zonas: a **Cova Maior** e a **Trinchera**.

A Cova Maior é unha cavidade de case 4 km de lonxitude na que se atopa o xacemento arqueolóxico denominado **Sima de los Huesos** que, ao parecer, se utilizaba hai 300.000 anos para botar no seu interior os cadáveres dos grupos humanos que habitaban Atapuerca. Nesta pequena sima, duns 13 m de profundidade, atopáronse algún dos restos máis sobresaíntes: **O CRANIO 4, chamado Agamenón, o CRANIO 5, coñecido como Miguelón e a pelve** máis completa que permite obter información acerca da estatura, musculatura e peso destes homínidos, pertencen ao xénero **HOMO HEILDERBERGENSIS**.

Na Trinchera encóntranse as cavidades **Gran Dolina, Galería e Sima del Elefante**.

- Na **Gran Dolina** atopáronse fósiles humanos de **800.000 anos de antigüidade**, o **HOMO ANTECESSOR**.
- **Galería** era un **cazadoiro**, unha especie de trampa para os animais, en que caían e do que non podían saír, por iso se atoparon alí numerosos **restos de animais e de ferramentas** de pedra para despezalos.

- Na Sima del Elefante atopouse unha **mandíbula humana**, que puxo de manifesto que a primeira ocupación deste xacemento se remonta polo menos a **1,2 millóns de anos**.

Homo antecessor

Homo antecessor es una especie fósil perteneciente al género *Homo*, considerada la especie homínida más antigua de Europa. Tiene más de un millón de años de antigüedad (Pleistoceno Inferior). Eran individuos altos, fuertes y con rostro de rasgos modernos, aunque su cerebro era más pequeño que el del hombre actual.



La definición de esta especie es fruto de los más de ochenta restos hallados desde 1994 en el nivel TD6 del yacimiento de Gran Dolina en la Sierra de Atapuerca (Burgos, España)



1. Onde se atopa a serra de Atapuerca? Preto de que cidade española se localiza? A que Comunidade Autónoma pertence?
2. Por que Atapuerca é un xacemento de relevancia mundial?
3. En Atapuerca atopáronse restos de varias especies de seres humanos. Ordena cronolóxicamente as seguintes especies e anota xunto a cada unha delas a súa antigüidade e o tamaño do seu cerebro: *Homo Sapiens*, *Homo antecessor* e *home de Neandertal*.
4. Para que se utilizaba La Sima de los Huesos? A que especie do xénero Homo pertencen os **cranios 4 e 5**?
5. Cales son os principais achados na Gran Dolina?
6. En que cavidade apareceron os restos máis antigos de Atapuerca?
7. Para que se utilizaba a Galería? Por que se atoparon nesta cavidade ferramentas de pedra?
8. A que especie do xénero Homo pertencen os restos fósiles encontrados na Gran Dolina? En que etapa de prehistoria os sitúas? Como vivían eses antepasados nosos? A que actividades se dedicaban para subsistir? Eran nómades ou sedentarios? Dominaban o lume?

<https://www.atapuerca.org/>